

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 29/09/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/09/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 25 de agosto de 2022
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de agosto de 2022
3. Ratificación, se procede, da aprobación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas durante o ano 2021
4. Modificación, se procede, do acordo plenario de 30 de xuño de 2022, relativo aos expedientes de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 2/CE/2022, e por suplemento de crédito nº 02/SC/2022 financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería.
5. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2021. ditaminada Comisión Informativa 25/8/2022
6. Ratificación, se procede, do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á addenda aos acordos de irmandamento entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Cámara Municipal de Matosinhos-Portugal

7. Aprobación, se procede, da concesión da distinción, a título póstumo, de fillo predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, sobre o fortalecemento e reforzo do punto de atención continuada e da atención primaria.

10. Aprobación, se procede, da Moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila para solicitar a mellora da Sanidade Pública Galega e apoiar á plataforma SOS Sanidade Pública

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para a implantación de medidas de mellora da transparencia municipal e da participación cidadá no Concello de Vilagarcía de Arousa

12. Aprobación, se procede, da comparecencia solicitada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valedor

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Juan Luis Núñez Tourís utilizando

o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE AGOSTO DE 2022:

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 25 de agosto de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía no mes de agosto de 2022:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación compensación Caixa Fixa
- 1 Aprobación gastos Santa Rita
- 1 Aprobación pregos contratación de obras
- 1 Inmobilización vehículo adscrito a licenza de taxi
- 1 Corrección erro bases selección de persoal Forme 2022
- 3 Expediente de Modificación de Crédito
- 2 Aprobación certificación de obra
- 1 Inscripción rexistro animais potencialmente perigosos
- 2 Licenza animais potencialmente perigosos
- 7 Permisos festas ao aire libre
- 2 Resolución recurso de reposición sanción tráfico
- 1 Resolución despezamento vehículos abandonados
- 1 Aboamento servizos prestados en festivos, noites e domingos
- 1 Aclaración falta carencia prestación IT e percepción complemento de nómina
- 1 Nomeamento conserxe sala de exposicións por acumulación de tarefas
- 11 Nomeamento profesores Escola de Música
- 7 Nomeamento socorristas por acumulación de tarefas
- 1 Aboamento vacacións a empregada
- 1 Pagamento Plan de Pensións xullo
- 14 Substitución posto de categoría superior
- 4 Aprobación plan de seguridade e saúde obras
- 4 Estimación pagos duplicados
- 3 Estimatoria IBI
- 2 Estimatoria/desestimatoria IVTM
- 4 Estimatoria rateo no IVTM
- 1 Desestimatoria IIVTNU
- 22 Compensación de debedas
- 22 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 10 Estimatoria liquidacións e baixas
- 6 Estimatoria recibos
- 11 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 15 Pagos diversos Tesourería
- 2 Devolución fianzas
- 3 Gastos contas bancarias
- 1 Actuacións San Roque

2 Barras San Roque
1 Celebración concertos Revenidas
3 Deber de conservación
4 Orde execución de malezas
1 Simultaneidade obras urbanización e edificación e aprobación de aval ETD-16
4 Reposición da legalidade urbanística
1 Denegación legalización actividade
1 Expediente sancionador por infracción horario
2 Expediente sancionador por infracción ruídos
1 Corrección erro en resolución xerencia urbanismo
1 Ocupación vía pública con terraza establecemento hostalería
1 Conformidade proxecto de execución
1 Licenza de obra maior
1 Cambio titularidade comunicación previa obras
2 Renuncia a tramitación licenza de obras
2 Modificación licenza de obra maior
2 Licenza de segregación a efectos de cesión
7 Licenza de obra menor
10 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
33 Comunicación previa obras
3 Prórroga prazo execución

TOTAL: 253

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2021.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2021, desagregadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade, curso 2021/22

1.2.- Escola Multideportiva, curso 2021/22

1.3.- Escola Deportiva de Base, curso 2021/22

1.4.- Escolas Municipais de Navegación, ano 2021

2º.- REACTIVACIÓN DAS ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

3º.- EVENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN VILAGARCÍA

3.1.- Torneos de Verán:

3.3.1.- XIX Torneo de Tenis de Verán

3.3.2.- IV Torneo de Badminton Dobres

3.3.3.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

3.3.4.- XVII Carreira Nocturna Concello Vilagarcía

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes:

4.1.1.- 26 Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios de Special Olympics

4.1.2.- VIII Marcha Ciclista Unificada Special Olympics

4.2.- Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da

Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP(5), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría ratificar a memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO PLENARIO DE 30 DE XUÑO DE 2022, RELATIVO AOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/CE/2022, E POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 02/SC/2022 FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do teor seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA MODIFICACIÓN DO ACORDO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/SC/2022 e Nº02/CE/2022

O Pleno aprobou o expediente de modificación orzamentaria por suplemento e por crédito extraordinario números 02/SC/2022 e 02/CE/2022, financiados con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais, o pasado 30 de xuño de 2022, e a corrección de erros a dito expediente o pasado 25 de agosto de 2022.

Á vista da escalada de prezos en todos os sectores da vida é preciso modificar a aplicación do Remanente líquido de tesourería á nova situación económica na que nos atopamos, dotando aquelas aplicacións que mais sufriron o impacto do incremento de prezos.

Considerando o anterior, propónse unha modificación do expediente de Suplemento de crédito axustándose na súa contía, pero variando a súa aplicación do gasto no expediente de suplemento de crédito Nº 02/SC/2022 do seguinte xeito:

1- Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe€
132	62400	PROXECTO 2022-2-PREST-2 Camión guindastre Policía Local	12.000,00
Total 132			12.000,00
135	62300	Emerxencias-inv. Nova maquin. Instal e ferramenta	3.787,30
Total 135			3.787,30
150	640	Xerencia urb.-proxectos	12.448,48
Total 150			12.448,48
171	61900	PROXECTO 2021-2-PREST-6 Subv POS22 reforma Parque do Cavadelo -construcción novo Skate	65.340,62
Total 171			65.340,62
312	65000	PROXECTO 2022-2-PREST-17	49.691,44

		Demolición edificio e anexos comandancia.	
Total 312			49.691,44
320	22100	Energía eléctrica	15.000,00
320	22103	Combustibles e carburantes	15.000,00
Total 320			30.000,00
334	203	Aluguer carrozas	16.698,00
334	22609	Cine na rúa	15.000,00
334	48201	Convenio aniversario gato negro	6.000,00
334	62900	Outras inver. n.asoc. o funciona. Operat.ser	661,41
334	63200	Fondo (telón) auditorio	12.705,00
Total 334			51.064,41
338	22609	Festas	61.285,39
Total 338			61.285,39
342	410	Transf corrte fundación-gastos luz	40.000,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalacións para instalación xaula	15.647,72
Total 342			285.233,72
432	203	Alleamento de maquinaria. Instalación e utilaxe	5.000,00
Total 432			5.000,00
459	61900	PROXECTO DE GASTO 459-61900 Renovación dos servizos e Humanización Rúa Sobrán	12.000,00
Total 459			12.000,00
920	22000	Admón xeral-material de oficina	36.679,37
Total 920			36.679,37
931	22706	Estudos e fomento empregos	3.000,00
Total 931			3.000,00
1530	61900	PROXECTO 2021-2-POS20-2 Mellora de accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda	2.391,38
1530	61900	PROXECTO 2021-2-PREST-1 Estradas. Outras inversións reposición de infraestruturas. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total 1530			40.020,29
2312	22610	Actividades en igualdade	10.000,00
Total 2312			10.000,00
3261	22110	Energía eléctrica	20.000,00
Total 3261			20.000,00
4311	22610	Achega actividades	64.597,00
Total 4311			64.597,00
		TOTAL	762.148,02

Unha vez aprobado a modificación do expediente de suplemento de crédito 02/SC/2022 publíquese no Boletín oficial da Provincia e fágase uso da excepción recollida na base 10ª B) das BEO do exercicio 2022: “(...)dada a urxencia inherente a este tipo de expedientes de modificación orzamentaria, cando se motive debidamente na proposta de alcaldía, o anuncio de aprobación inicial poderá recoller o estado do orzamento trala modificación e conter a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos(...)”

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Sinatura Dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a modificación do acordo plenario de 30 de xuño de 2022, de modificación orzamentaria por suplemento de crédito e crédito extraordinario N° 02/SC/2022 e N°02/CE/2022, financiado con cargo a remanente líquido de Tesourería.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11), seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e BNG (1), e tres votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE: Por maioría a modificación do expediente de Suplemento de crédito axustándose na súa contía, pero variando a súa aplicación do gasto no expediente de suplemento de crédito N° 02/SC/2022 do seguinte xeito:

1- Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe€
132	62400	PROXECTO 2022-2-PREST-2 Camión guindastre Policía Local	12.000,00
Total 132			12.000,00
135	62300	Emerxencias-inv. Nova maquin. Instal e ferramenta	3.787,30
Total 135			3.787,30
150	640	Xerencia urb.-proxectos	12.448,48
Total 150			12.448,48
171	61900	PROXECTO 2021-2-PREST-6 Subv POS22 reforma Parque do Cavadelo -construcción novo Skate	65.340,62
Total 171			65.340,62
312	65000	PROXECTO 2022-2-PREST-17 Demolición edificio e anexos comandancia.	49.691,44
Total 312			49.691,44
320	22100	Energía eléctrica	15.000,00
320	22103	Combustibles e carburantes	15.000,00
Total 320			30.000,00
334	203	Aluguer carrozas	16.698,00
334	22609	Cine na rúa	15.000,00
334	48201	Convenio aniversario gato negro	6.000,00
334	62900	Outras inver. n.asoc. o funciona. Operat.ser	661,41
334	63200	Fondo (telón) auditorio	12.705,00
Total 334			51.064,41
338	22609	Festas	61.285,39
Total 338			61.285,39
342	410	Transf corrte fundación-gastos luz	40.000,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalacións para instalación xaula	15.647,72
Total 342			285.233,72
432	203	Alleamento de maquinaria. Instalación e utilaxe	5.000,00
Total 432			5.000,00

459	61900	PROXECTO DE GASTO 459-61900 Renovación dos servizos e Humanización Rúa Sobrán	12.000,00
Total 459			12.000,00
920	22000	Admón xeral-material de oficina	36.679,37
Total 920			36.679,37
931	22706	Estudos e fomento empregos	3.000,00
Total 931			3.000,00
1530	61900	PROXECTO 2021-2-POS20-2 Mellora de accesibilidade na Rúa Alexandre Bóveda	2.391,38
1530	61900	PROXECTO 2021-2-PREST-1 Estradas. Outras inversións reposición de infraestruturas. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total 1530			40.020,29
2312	22610	Actividades en igualdade	10.000,00
Total 2312			10.000,00
3261	22110	Energía eléctrica	20.000,00
Total 3261			20.000,00
4311	22610	Achega actividades	64.597,00
Total 4311			64.597,00
		TOTAL	762.148,02

Que se publique no Boletín oficial da Provincia e se faga uso da excepción recollida na base 10ª B) das BEO do exercicio 2022: “(...)dada a urxencia inherente a este tipo de expedientes de modificación orzamentaria, cando se motive debidamente na proposta de alcaldía, o anuncio de aprobación inicial poderá recoller o estado do orzamento trala modificación e conter a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos(...)”

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2021: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.

A conta xeral do exercicio 2021, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas

regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

1. O BALANCE:

BALANCE	2017	2018	2019	2020	2021
ACTIVO					
ACTIVO NON CRRTE.	93.987.864,17	96.290.673,51	101.906.815,07	105.254.084,14	110.974.477,80
ACTIVO CORRENTE	11.374.481,45	9.794.331,46	10.559.785,64	16.178.756,79	17.365.301,46
DEBEDORES C/P	5.641.176,14	4.819.362,23	5.205.843,42	7.486.105,71	8.215.611,28
DISPONIBLE	5.658.232,56	4.862.578,45	5.286.227,33	8.634.262,21	9.060.175,95
TOTAL ACTIVO	105.362.345,62	106.085.004,97	112.466.600,71	121.432.840,93	128.339.779,26
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	98.096.220,06	99.731.770,64	106.366.093,53	111.234.316,08	119.224.485,39
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	89.174.339,01	94.057.560,56	103.302.187,30	107.448.864,26	112.865.771,81
Pasivo non crtte.	8.921.881,05	5.674.210,08	3.063.906,23	3.785.451,82	6.358.713,58
Pasivo corrente	7.266.125,56	6.353.234,33	6.100.507,18	10.198.524,85	9.115.293,87
TOTAL PASIVO	105.362.345,62	106.085.004,97	112.466.600,71	121.432.840,93	128.339.779,26
FONDO MANIOBRA	4.108.355,89	3.441.097,13	4.459.278,46	5.980.231,94	8.250.007,59
FM/D	72,61%	70,77%	84,36%	69,26%	91,06%

2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de 4.063.554,05 EUROS.

3. O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de 5.418.515,24 €, co seguinte detalle:

	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2020	42.601.500,82	64.290.142,12	0,00	557.221,32	107.448.864,26
B) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	-1.607,69	0,00	0,00	-1.607,69
C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2021 (A+B)	42.601.500,82	64.288.534,43	0,00	557.221,32	107.447.256,57
D) Variacións do patrimonio neto 2021	0,00	4.898.264,69	0,00	520.250,55	5.418.515,24
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	4.957.928,55	0,00	520.250,55	5.478.179,10
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras variacións do Patrimonio Neto	0,00	-59.663,86	0,00	0,00	-59.663,86
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D)	42.601.500,82	69.186.799,12	0,00	1.077.471,87	112.865.771,81

4. O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en 425.913,74€ co seguinte detalle:

Fluxos	Exercicio 2021
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	2.718.221,46
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-5.759.452,68
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	2.685.233,65
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	781.911,31
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución/Aumento neta do efectivo	425.913,74
Efectivo o inicio do exercicio	8.634.262,21
Efectivo o final do exercicio	9.060.175,95

5. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Que a súa vez compoñe dos seguintes documentos:

1. RESULTADO ORZAMENTARIO:

O resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2021 é POSITIVO con un importe de 3.492.985,51€ co seguinte desglose:

RESULTADO ORZAMENTARIO 2021	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	32.087.990,81
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	30.529.236,72
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.558.754,08
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	97.774,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	3.500.000,00
Total dereitos recoñecidos	35.685.764,80
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	31.442.799,24
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	25.566.658,11
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	5.876.141,13
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	97.774,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	814.766,35
Total obrigas recoñecidas	32.355.339,59
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	3.330.425,22
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	2.336.876,66
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.691.144,85
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	5.865.461,22
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	3.492.985,51

2. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2021 ascendeu a 3.208.707,89€, e desagrégase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	9.059.911,25	2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	16.749.580,90
2.a. Do orzamento corrente	4.714.979,31		
2.b De orzamentos pechado	12.012.104,73		
2.c De operacións non orzamentarias	22.496,86		
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	3.223.768,15		
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.921.103,45		
3.a. Do orzamento corrente	2.488.636,59		
3.b. De orzamentos pechados	78.078,67		
3.c. De operacións non orzamentarias	1.354.388,19		
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	80.378,69		
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	18.734.999,24		
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	8.653.463,88		
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	6.872.827,47		
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.208.707,89		

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2019, que será sometida á aprobación do Consello Reitor en sesión que terá lugar o vindeiro 22 de outubro de correntes, presentando o seguinte detalle:

1. - BALANCE.

	2017	2018	2019	2020	2021
--	------	------	------	------	------

ACTIVO					
ACTIVO NON CORRENTE	799.764,73	833.026,00	849.214,45	927.089,43	1.024.746,86
ACTIVO CORRENTE	305.508,98	279.747,28	253.241,47	396.151,59	406.973,53
DEBEDORES C/P	110.351,79	37.452,88	221.000,05	329.000,05	156.822,08
TESOURERÍA	195.157,19	242.294,40	32.241,42	67.151,54	250.151,45
TOTAL ACTIVO	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,02	1.431.720,39
PASIVO					
PATRIMONIO NETO	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,15	1.270.983,82
FONDOS PROPIOS	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,54	1.270.983,82
Pasivo non corrente	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo corrente	92.557,54	49.732,20	15.201,94	151.589,87	160.736,57
TOTAL PASIVO	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,41	1.431.720,39
FONDO MANIOBRA	212.951,44	230.015,08	238.039,53	244.561,72	246.236,96
FM/tesourería	109,12%	94,93%	738,30%	364,19%	98,44%

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un superávit por importe de 99.332,67 €.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de 99.332,67€.
- Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos cunha variación por importe de 99.332,67€
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de 1.070.959,90 €.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivose unha minoración do efectivo por importe de 182.999,91 €, sendo o efectivo ao final do exercicio de 250.151,45€.

V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 1.789,29 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de 1.789,29€.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 267.821,13 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 246.350,96 €, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.470,17€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como no art. 212.4 da LALG e o artigo 48 do RD Lei 11/2020 de 31 de marzo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno:

1. A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2021.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto

abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (11), catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), e cinco votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ao exercicio 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVO Á ADDENDA AOS ACORDOS DE IRMANDAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A CÁMARA MUNICIPAL DE MATOSINHOS-PORTUGAL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía seguinte:

O Concello de Vilagarcía de Arousa e a Cámara Municipal de Matosinhos (Portugal) veñen mantendo unha relación de irmandade documentada e oficializada dende o ano 1951.

Neste contexto, no marco do Programa Europeo CERV-2021-CITIZENS-TOWN-TT — Town-Twinning, e en coordinación coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), as dúas cidades retoman dita iniciativa histórica e poñen en marcha o proxecto O MAR QUE NOS UNE.

A primeira fase do proxecto O MAR QUE NOS UNE, formalizouse o pasado 14 de xullo co encontro institucional entre o Alcalde Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa e a Presidenta da Cámara municipal de Matosinhos, co obxectivo de actualizar o acordo de irmandade e o levar adiante un plan estratéxico de Desenvolvemento económico e turístico das dúas cidades, centrado no mar e tendo por base os respectivos planes estratéxicos municipais.

A segunda fase do Proxecto de cooperación levarase a cabo o vindeiro mes de setembro mediante unha visita ao municipio portugués de Matosinhos, durante a que se celebrarán diversos encontros entre entidades e empresarias/os de ámbalas dúas cidades, relacionados coas actividades e aproveitamento dos recursos mariños e marítimos, na procura de consolidar as relacións entre ambos municipios e o achegamento entre os axentes económicos e sociais das Vilas irmandadas.

Ao tempo, procederase á sinatura da addenda aos acordos de hermanamento entre ambos concellos datados en 1950 e 1959.

Xúntase proposta de adenda remitida pola Cámara Municipal de Matosinhos

A Xunta de Goberno Local acorda prestarlle a súa aprobación, autorizar a sinatura de addenda e proceder á ratificación da mesma polo Pleno da Corporación Municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación do acordo de Xunta de Goberno Local relativo á Addenda aos acordos de irmandamento entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Cámara Municipal de Matosinhos-Portugal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación e sinatura de addenda aos acordos de irmandamento entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Cámara Municipal de Matosinhos-Portugal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA DISTINCIÓN, A TÍTULO PÓSTUMO, DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA A D. JOSÉ AGUSTÍN PEREIRA FERNÁNDEZ.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da resolución da Alcaldía de 26 de setembro de 2022.

Pola Alcaldía emitíuse con data 23 de setembro de 2022 unha proposta acompañada dunha memoria acreditativa dos méritos que concorren para a concesión da distinción de Fillo Predilecto, a título póstumo do Concello de Vilagarcía de Arousa a Don José Agustín Pereira Fernández, do seguinte teor:

Don José Agustín Pereira Fernández nado o 26 de xullo de 1944, pertence a unha familia de tradición empresarial no sector dos transportes prolongada durante varias xeracións, aparecendo a súa familia vinculada ao transporte desde o ano 1915, ligada á empresa “La Emprendedora” que conectaba Vilagarcía con distintos municipios da comarca. Esta tradición familiar e empresarial continuarase con Don José Agustín Pereira Fernández, fundando en 1985 a Empresa Pereira e que finalmente, no ano 2017, se integrará no Grupo Abalo.

Durante a súa etapa á fronte da empresa Pereira, Vilagarcía sempre contou cun colaborador incansable e desinteresado a prol de acadar unha Vilagarcía máis moderna e mellor conectada, facilitando os desprazamentos da poboación e axudando a impulsar políticas de fomento do transporte colectivo, ao alcance de toda a cidadanía.

Bo exemplo da súa implicación e dedicación a Vilagarcía son a súa participación no nacemento das Feiras Multisectoriais de FEXDEGA, un dos factores innovadores e pioneiros na sociedade daqueles anos, e que referenciaba a Vilagarcía no sector feiral de Galicia.

Na mesma liña, o seu fondo compromiso co deporte local fixo que a empresa que dirixía, “Pereira” recibira ata en tres ocasións a “mención especial á mellor empresa”, outorgada pola Fundación Municipal de Deportes na Festa do Deporte Local.

Por outra banda, Don José Agustín Pereira Fernández tamén participou na institución municipal, sendo Alcalde de Vilagarcía de Arousa durante un breve espazo temporal, entre marzo e abril de 1979, no período da Transición.

O seu bo facer e a súa predisposición a colaborar cos distintos colectivos deportivos e sociais da cidade granxeáronlle un fondo agarimo da cidadanía de Vilagarcía que sentiu un fondo pesar co seu falecemento en novembro de 2020.

En consecuencia, en virtude do establecido no Regulamento Municipal de Honras e Distincións do Concello de Vilagarcía de Arousa, no seu título terceiro; e vistos os méritos enumerados, ésta Alcaldía:

RESOLVE:

Iniciar o procedemento de concesión da distinción a Don José Agustín Pereira Fernández como fillo predilecto, a título póstumo, do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de que polo Pleno da Corporación Municipal, si así o considera, se adopte o correspondente acordo de concesión do título citado.

Así o mando e asina o Sr. Alcalde-Presidente á data da sinatura electrónica.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a concesión da distinción, a título póstumo, de Fillo Predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a concesión da distinción, a título póstumo, de fillo predilecto do Concello de Vilagarcía de Arousa a D. José Agustín Pereira Fernández.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. José Manuel Ribadomar García, en representación da Plataforma SOS Sanidade Pública, en relación coa moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila para solicitar a mellora da sanidade pública galega e apoiar a plataforma SOS Sanidade Pública.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir procédese ao debate conxunto dos asuntos que figuran cos números 9 e 10 da orde do

día, realizando a súa votación de forma independente

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE, SOBRE O FORTALECIMENTO E REFORZO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA E DA ATENCIÓN PRIMARIA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 7 de setembro de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN: FORTALECIMENTO E REFORZO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA E DA ATENCIÓN PRIMARIA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención. Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións. Na década 2009 – 2019 Galicia renunciou a formar a 151 profesionais médicos para atención primaria que tiña oportunidade, e hoxe bota en falta todos e cada un deles. Hoxe o nivel formativo autorizado polo goberno do Estado duplica con creces ao de hai 5 anos (207 prazas en 2022 fronte a 97 en 2018), pero fará falta tempo para que poidan incorporarse a un sistema que hoxe paga os erros da década de recortes previa.

A comarca do Salnés é un territorio paradigmático, onde todas as eivas do sistema amósanse con claridade. Este verán de 2022 desbordáronse todas as peores previsións e datos lembrados ata aquí, asistindo a que a comarca que se convirte no terceiro polo poboacional de Galicia nestas datas (tras as cidades de Coruña e Vigo pola súa poboación estable) viuse en varias fin de semana sen profesionais médicos nos distintos PAC da comarca, incluso con eventos multitudinarios que se celebraban nesta comarca, con centros de saúde que estaban sistemáticamente por debaixo da metade dos seus profesionais sen que existise plan de continxencia para repoñer e cubrir baixas, e con concellos que aínda non teñen capacidade de saber cando terán restituídos aos profesionais que cubren á súa poboación. Os problemas percorren todos os concellos

dende hai meses, desde o centro de saúde de O Grove que estivo en moitas ocasións por debaixo do 20% da súa capacidade asistencial, ao peche de consultorios como en Meis ou Meaño, a falta de pediatra en Ribadumia ou A Illa, a incapacidade de cobertura correcta do centro de Cambados, as eternas ausencias sen cubrir no centro de Vilagarcía que xa non se lembra cando estivo unha soa vez coa plantilla completa ou os problemas de cobertura do centro de Baltar, en Sanxenxo, que viviu fatídicas consecuencias este verán. Tampouco existe solución para a necesidade dunha ambulancia medicalizada na comarca, que en verán se traslada dende o Hospital do Salnés a Sanxenxo para intentar reforzar esta poboación pero perdendo efectivos

no Hospital Comarcal, cando o lóxico sería incrementar a dotación e non quitar dun lugar para poñer a outro. Estes escenarios provocaron problemas serios nas urxencias hospitalarias en O Salnés e Pontevedra, cuxos profesionais demandaron tamén a necesidade de solucións ante a pasividade dos dirixentes.

O cese do anterior xerente do área sanitaria provocou unicamente un cambio de cadeiras na dirección da Consellería, que lonxe de afrontar cambios necesarios unicamente decidiu reordenar a cada quen noutro lugar e posto dirixente, para que a dirección seguise sendo a mesma con outro orden de rostros nos despachos. Non entanto, non semella existir ningunha vontade de cambiar as liñas estratéxicas.

Os responsables dos concellos afectados pretenderon buscar solucións á situación, esixindo e mantendo xuntanzas cos dirixentes da Consellería, máis os compromisos foron efimeros e difusos, non existindo compromisos reais que se poidan materializar e traducir a melloras notorias na asistencia sanitaria para a cidadanía.

A actividade social en protesta pola situación aumenta, e froito desto obsérvase como existen mobilizacións puntuais en diferentes puntos da comarca durante estes meses, e configúranse novamente plataformas cidadás en defensa da sanidade pública.

Ante toda esta situación, e en particular tamén polo que afecta a este concello, formulamos o seguinte plantexamento para ser sometido a acordo:

1. Esixir do goberno da Xunta de Galicia un compromiso firme, asinado e con prazos temporais de cumprimento, para a cobertura plena e continuada do completo da asistencia sanitaria definida funcionalmente para este concello e o conxunto da comarca de O Salnés, que dote de todos os profesionais necesarios para as coberturas dos centros de saúde e PAC comarcais.
2. Apoiar, no caso de que o goberno da Xunta non responda axeitadamente ao punto 1, unha mobilización social e conxunta de toda a comarca do Salnés na reivindicación dunha sanidade pública de calidade con plena capacidade asistencial, con contratación axeitada para os profesionais e que ofrezca a mellor atención posible para a cidadanía desta terra.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre o fortalecemento e reforzo do punto de atención continuada e da atención primaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5),

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Esixir do goberno da Xunta de Galicia un compromiso firme, asinado e con prazos temporais de cumprimento, para a cobertura plena e continuada do completo da asistencia sanitaria definida funcionalmente para este concello e o conxunto da comarca de O Salnés, que dote de todos os profesionais necesarios para as coberturas dos centros de saúde e PAC comarcais.
2. Apoiar, no caso de que o goberno da Xunta non responda axeitadamente ao punto 1, unha mobilización social e conxunta de toda a comarca do Salnés na reivindicación dunha sanidade pública de calidade con plena capacidade asistencial, con contratación axeitada para os profesionais e que ofrezca a mellor atención posible para a cidadanía desta terra.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=9>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE, BNG, VILAGARCÍA EN COMÚN E PODEMOS-MAREA DA VILA PARA SOLICITAR A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA E APOIAR Á PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila coa data de 20 de setembro de 2022, do seguinte teor:

O grupo/s municipais, Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, PSdG-PSOE e BNG, deste concello de Vilagarcía de Arousa, a petición da Plataforma SOS sanidade pública do Salnés, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta/n esta moción para o seu debate no Pleno, destinada a recadar o seu apoio para a plataforma SOS sanidade pública do Salnés e a favor da mellora da sanidade pública galega .

MOCIÓN PARA SOLICITAR A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA E APOIAR A PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fronte ao dereito á saúde e de Asistencia sanitaria recoñecida tanto pola Declaración de Dereitos Humanos como pola OMS, nestes últimos anos a degradación no sistema público da asistencia sanitaria é alarmante. En Galiza vimos asistindo a un constante deterioro e desmantelamento da sanidade pública. A Sanidade pública galega está en perigo , atópase nunha situación límite que mesmo se podería cualificar de terminal ou moribunda debido as políticas que están a levar adiante os gobernos do Partido popular dende a Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza.

Así a Reforma da lei Galega de Saúde posta en marcha no seu día polo Partido Popular en solitario xa tiña como finalidade o desmantelamento do sistema sanitario público e ofertar negocio ás empresas privadas e multinacionais. O goberno galego, coa súa política de recortes e privatizadora, ten anulado áreas sanitarias, privatizando a súa xestión a través de fundacións, non contratando persoal sanitario, precarizando as condicións deste persoal,...

A día de hoxe, no relativo á atención primaria a situación está a ser verdadeiramente dramática e a cidadanía ten moitas dificultades para poder ser atendida. Coa falla de persoal nos PACs que chegan a provocar incluso os seus peches, as listas de agarda para atención que incluso superan os 15 días na atención telefónica, o peche de servizos de urxencias, a falla de ambulancias,... teñen a atención primaria nunha situación límite.

Na nosa comarca do Salnés a situación non deixa de ser caótica, posto que nunha zona turística e que multiplica varias veces a súa poboación no verán, e cando sería preciso aumentar o persoal e medios para a atención sanitaria, resulta que é nestas datas onde se reduce de forma significativa o persoal sanitario dado que non se cubren as baixas nin as vacacións, provocando ademais da sobrecarga no persoal existente e provocando unha gran merma na atención por falla de recursos.

No concello de Vilagarcía a situación ten chegado a ser especialmente grave no referente ao persoal de urxencias, chegando a estar en días tan sinalados como pode ser a véspera da festa da Auga e en plena "semana grande" das festas sen un médico de garda no centro. Tamén a falla de recursos, ou o traslado da única ambulancia medicalizada coa que se contaba á zona de Sanxenxo,....deixan a atención primaria neste concello nunha situación totalmente precaria.

A cidadanía galega non pode seguir a soportar por máis tempo esta situación, e por isto, da necesidade de reclamar un xiro nesta política de desmantelamento da atención primaria e do sistema público de saúde, que existe a plataforma galega SOS sanidade pública. Unha plataforma aberta a toda a cidadanía e composta por organizacións, colectivos e persoas a título individual que ademais de promover actos e mobilizacións para concienciar á cidadanía e reclamar melloras na sanidade pública ao goberno Galego, ten posto en marcha unha Iniciativa

lexislativa popular (ILP) para que se aproben no parlamento Galego unha serie de medidas co fin de rescatar e fortalecer a atención primaria como poden ser/ tales como: Incrementar e dimensionar o persoal necesario, priorizar a atención presencial, reabrir os centros de saúde e PACs pechados, rematar coa precariedade laboral do persoal e dar participación a poboación e traballadores na planificación e xestión dos centros.

Dende a plataforma entendemos que a situación que atravesamos na Sanidade pública na Galiza é moi grave e necesita un xiro de 180º graos; e tamén, que para isto é preciso a implicación de todos os organismos e axentes sociais ademais da propia cidadanía para poder levala adiante.

Neste senso entendemos que é necesario dotar ao Servicio Galego da Saúde dos medios precisos e mellorar as condicións dxs profesionais para manter un servizo de calidade e que o SERGAS se converta nun servizo público que poida atender realmente todas as necesidades sanitarias de toda a cidadanía galega nas mellores condicións e sen discriminación de ningún tipo.

Por todo isto, é polo que a Plataforma SOS sanidade pública de o Salnés solicita deste Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa mostra o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) posta en marcha pola plataforma SOS Sanidade pública de Galicia en favor da toma de medidas de cara a garantir unha mellor atención na sanidade pública de Galiza e co obxectivo de revitalizar e fortalecer os mecanismos sanitarios de Atención Primaria como parte esencial e distintiva do sistema sanitario público galego.

2.O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa realiza un chamado a participar nas mobilizacións convocadas pola plataforma SOS sanidade pública e a secundar a manifestación nacional unitaria, así como calquera outra mobilización convocada por esta plataforma que estea destinada a reclamar o mantemento e mellora na sanidade pública.

3.O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa manifesta a súa aposta e compromiso coa potenciación e mellora da sanidade pública de Galiza e rexeita as medidas postas en marcha polo goberno galego que están a precarizar e desmantelar o servizo Galego de Saúde.

4.O Concello de Vilagarcía de Arousa dará traslado deste acordo a Consellería de Sanidade e a Xunta de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

En consecuencia e por unanimidade informase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de PSG-PSOE, Vilagarcía en Común e Marea da Vila para solicitar a mellora da sanidade pública galega e apoiar á Plataforma SOS Sanidade Pública.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5),

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo polos grupos políticos municipais de PSG-PSOE, Vilagarcía en Común e Marea da Vila e:

1.Mostrar o apoio á Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) posta en marcha pola plataforma SOS Sanidade pública de Galicia en favor da toma de medidas de cara a garantir unha mellor atención na sanidade pública de Galiza e co obxectivo de revitalizar e fortalecer os mecanismos sanitarios de Atención Primaria como parte esencial e distintiva do sistema sanitario público galego.

2.Realizar un chamado a participar nas mobilizacións convocadas pola plataforma SOS sanidade pública e a secundar a manifestación nacional unitaria, así como calquera outra mobilización convocada por esta plataforma que estea destinada a reclamar o mantemento e mellora na

sanidade pública.

3. Manifestar a aposta e compromiso coa potenciación e mellora da sanidade pública de Galiza e rexeita as medidas postas en marcha polo goberno galego que están a precarizar e desmantelar o servizo Galego de Saúde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE MELLORA DA TRANSPARENCIA MUNICIPAL E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 21 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de setembro de 2022 a seguinte:

Moción para a implantación de medidas de mellora da transparencia municipal e da participación cidadá no Concello de Vilagarcía

A Ley 19/2013, del 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno promulga no seu preámbulo que “a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política” e que “só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos o baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a una sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

Pese a existencia desta lei e das obrigas que esta supón para todas as Administracións Públicas, consideramos que o Concello de Vilagarcía presenta aínda unha serie de eivas en materia de transparencia, accesibilidade e participación. Unhas eivas que deben ser subsanadas non só para cumprir plenamente esta lexislación, senón para garantir unha transparencia real e efectiva da súa actividade e para garantir ademais o dereito de acceso á información relativa a dita actividade.

Por unha banda, a web municipal carece de información actualizada en cuestións tan básicas como os datos de contacto dos voceiros municipais, as retribucións que perciben os concelleiros do Goberno ou estatísticas económicas indispensables para coñecer a xestión dos fondos públicos municipais (evolución do endebedamento, execución trimestral orzamentaria, gastos e ingresos por habitante, etc.).

Así mesmo, hai información que directamente non aparece publicada e que é fundamental en materia de rendición de contas como por exemplo a axenda do alcalde e do Goberno ou os seus gastos de viaxes.

Unhas eivas que se ven agravadas ademais polo feito de que o Goberno local vulnere en moitas ocasións o dereito constitucional de acceso á información pública tanto por parte da cidadanía en xeral como por parte dos partidos políticos da oposición. Nin cumpren os prazos de resposta establecidos pola lexislación vixente nin, en moitas ocasións, chegan a responder.

Por último, compre sinalar tamén a falta de transparencia e de respecto que supón para os grupos políticos da Corporación Municipal (e por extensión dos seus votantes) a recorrente costume de celebrar actos institucionais na Casa Consistorial protagonizados exclusivamente polo grupo político de goberno e dos que nin se da conta á oposición nin se cursa invitación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

1.- Actualizar periodicamente a información relativa á organización municipal (datos dos concelleiros, retribucións, información económico-financeira...) na páxina web do Concello e na súa sede electrónica.

2.- Acometer unha serie de melloras en materia de transparencia municipal e participación cidadá, como poden ser as seguintes:

- Publicación da axenda do alcalde e do resto de concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.
- Publicación periódica dos gastos de viaxe orixinados polo alcalde e polos concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.
- Publicación e actualización periódica do Inventario de Bens e Dereitos Reais do Concello.
- Habilitación dunha plataforma dixital que permita a emisión en directo dos Plenos da Corporación.
- Elaboración dunha Ordenanza de Transparencia (preferentemente adaptada á Ordenanza de Transparencia Local aprobada pola FEMP).
- Publicación de información relativa á Rendición de Contas a través dalgunha ferramenta ou visor que permita á cidadanía coñecer o grado de cumprimento dos compromisos electorais e/ou do goberno durante a lexislatura.

3.- Garantir o dereito de acceso á información pública tanto da cidadanía como dos grupos políticos que conforman a Corporación Municipal nos termos e prazos que establece a lexislación vixente, dando resposta ás solicitudes formuladas e facilitando a información pública requirida.

4.- Dar conta a todos os grupos políticos que conforman a Corporación Municipal de aqueles actos de carácter xeral e institucional que organiza o Concello de Vilagarcía en nome da Corporación Municipal na casa consistorial e cursar invitación aos mesmos.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de setembro de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a implantación de medidas de mellora da transparencia municipal e da participación cidadá no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de substitución:

Substituir os apartados 1, 2 e 3 da moción por o seguinte:

1.- Elaboración dunha Ordenanza de Transparencia (preferentemente adaptada á Ordenanza de Transparencia Local aprobada pola FEMP).

- O Grupo Político Municipal do PP acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

1.- Elaborar unha Ordenanza de Transparencia (preferentemente adaptada á Ordenanza de Transparencia Local aprobada pola FEMP).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPARECENCIA SOLICITADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, SOBRE O TRANSPORTE ESCOLAR AO IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de setembro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 1 de setembro de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Solicitude de comparecencia do alcalde presidente , Alberto Varela .

Durante o pleno celebrado o pasado pleno de marzo, o noso grupo solicitou do mesmo que demandase a Xunta de Galicia o mantemento do compromiso adquirido sobre o transporte escolar de todos os alumnos trasladados do IES Fermín Bouza Brey ao IES Armando Cotarelo, ningún dos grupos asistentes apoiou co seu voto esta petición, pero ademais o goberno local por voz do seu alcalde, transmitiu a súa confianza plena en que a Xunta cumpriase co compromiso e comprometeuse a velar pola mesmo.

Ao final a realidade desmonta as mentiras da Xunta e do Goberno local, a pesar de ter comprometido transporte escolar para todo o alumnado, esta semana coñecemos que este limitarase a apenas 60 alumnos/as, o que demostra a ineficacia na xestión municipal, a pesar de comprometerse durante ese pleno, e posteriores, a velar polo cumprimento da promesa da Consellería.

En este sentido compre coñecer o acontecido

Fixo o goberno local, algunha petición formal Consellería para que cumpriase co mantemento do transporte do total do alumnado trasladado?

Mantivo o goberno local, algunha xuntanza coa consellería para coñecer os detalles do traslado e do servizo de transporte?

En que momento coñeceu o goberno local o incumplimento da Consellería ao respecto do transporte escolar de este centro?

Que medidas vai adoptar para paliar esta situación provocada por ambas administracións?

Ten previsto solicitar o reforzo do transporte urbano que pode dar cabida ao alumnado expulsado do transporte escolar?

Como encaixa esta nova situación, de centos de alumnos transitando por unha vía perigosa e sen veira rúas, no programa de camiños seguros que leva a cabo o goberno local?

Cantas comunicacións mantivo ao longo deste tempo coa Consellería para coñecer os plans definitivos da mesma sobre o traslado.

Pola Secretaría se indica que conforme ao Artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello, non procede a comparecencia do Alcalde. Polo que procedería a comparecencia dun membro do equipo de goberno.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a comparecencia do Alcalde Presidente, solicitada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

- Polo grupo político municipal do PSG-PSOE indícase que se solicita a comparecencia do

Concelleiro, votarán a favor, en caso contrario votarán en contra.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a solicitude de comparecencia presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1), e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a comparecencia do Alcalde Presidente solicitada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre o transporte escolar ao IES Armando Cotarelo Valledor.

Polo Sr. Alcalde indícase que no próximo Pleno da Corporación Municipal, comparecerá, a petición propia, o Sr. Concelleiro Delegado de Educación, para tratar este asunto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose unha moción polo grupo político municipal do BNG para melloras no transporte escolar no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta do Artigo 20 do Regulamento Orgánico do Pleno:

ARTIGO 20.-MOCIÓNS.

A presentación de mocións súxéitase ás seguintes regras:

1.- Os grupos poderán someter, respectivamente, á consideración do pleno, unha soa moción por razóns de urxencia, que deberá ser entregada no rexistro xeral, polo menos con 24 horas de antelación á realización da sesión plenaria salvo no suposto excepcional de acontecementos relevantes e imprevisibles.

2.- Se para a mesma sesión plenaria varios grupos presentan mocións sobre o mesmo ou similar asunto, o debate deberá ser acumulado.

3.- A votación das mocións será á totalidade do texto, sen prexuízo da presentación de emendas. No caso de que as emendas sexan aceptadas expresamente e realizárase a votación sobre o texto modificado. Non se admitirán votacións parciais agás que o/a propoñente o acepte.

Dado que a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para melloras no transporte escolar no Concello, tivo entrada no Rexistro Xeral o día da data (29 de setembro de 2022) non se acepta por non cumprir o indicado no artigo antes referido, quedando a mesma para o próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

- 1) Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
- 2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=15>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220929&punto=16>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:45, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.